

O Rexurdimento pleno I. Rosalía de Castro

Exercicios de autoavaliación

1. Explica o propósito de Rosalía ao escribir *Cantares Gallegos*.
2. Comenta en que consiste a innovación de *Follas Novas*. Non esquezas que Rosalía era muller e o galego unha lingua en situación de diglosia.
3. Explica, comparándoos, os temas de *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*.
4. Define o sentimento da *saudade* e as súas clases.
5. Que sentimento expresan estes versos? Relaciónaos con *Negra Sombra*.

Cava lixeiro, cava,
xigante pensamento;
cava un fondo burato onde a memoria
do pasado enterremos.
¡Cava, cava lixeiro!
E por lousa daraslle o negro olvido
i a nada lle darás por simeterio.

Rosalía de Castro: Follas novas

6. Explica os dialectalismos e formas non normativas dos versos anteriores.
7. Comenta as metáforas, repeticións, anáforas e apóstrofes dos versos anteriores.
8. Analiza a adxectivación do texto e os valores das formas verbais que aparecen nel.
9. Por que emprega Rosalía o seseo? Por que non emprega a gheada?
10. Cita e comenta brevemente as partes de *Follas Novas*.
11. Que é o Rexurdimento?
12. Le os seguinte poema de Follas novas e responde:

*Aqués que tén fama d' honrados na vila
roubáronme tanta brancura qu' eu tiña;
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.
Nin pedra deixaron en dond' eu vivira;
sin lar, sin abrigo, morei nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos... ¡meus anxos!... que tant' eu quería,
¡morreron, morreron ca fame que tiñan!
Quedei deshonrada, mucháronm' a vida,
fixéronm' un leito de toxos e silvas;
i en tanto, os raposos de sangue maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.*

—Salvádeme ¡ouh, xueces!, berrei... ¡Tolería!
De min se mofaron, vendeum' a xusticia.
—Bon Dios, axudaime, berrei, berrei inda...
tan alto qu' estaba, bon Dios non m' oíra.
Etonces, cal loba doente ou ferida,
dun salto con rabia pillei a fouciña,
rondei paseniño... (ne' as herbas sentían)
i a lúa escondíase, i a fera dormía
cos seus compañeiros en cama mullida.

*Mireinos con calma, i as mans estendidas,
dun golpe ¡dun soio! deixeiños sin vida.
I ó lado, contenta, senteime das vítimas,
tranquila, esperando pola alba do día.*

*I estonces... estonces cumpreuse a xusticia:
eu, neles; i as leises, na man qu' os ferira.*

- Que nos conta o poema?
- Que denuncia a voz poética do poema?
- Cal é a reacción da sociedade? Parécelle xusto a Rosalía o que lle aconteceu á protagonista? E a ti? Razoa as túas respostas.
- Este poema inclúese no apartado “Do íntimo” de Follas novas, Podería formar parte de algún outro apartado deste libro? Xustifica a resposta.

Solucións:

1. Demostrar que o galego era unha lingua apta para todo tipo de poesía e literatura e desbotar prexuizos contra Galicia e os galegos.
2. A novidade consiste en facer unha poesía de tipo metafísico coa saudade ontolóxica como gran tema, así como por ser unha poesía tamén de crítica social e até de reivindicación feminista. Até agora o galego só se consideraba unha lingua apropiada para poesía lírica de ton popular.
3. Coinciden nalgúns temas como a exaltación da paisaxe, de tradicións e tipos galegos, etc. Pero *Follas Novas* é fundamentalmente un libro dominado polo tema da saudade sen obxecto.
4. A saudade é o sentimento da soidade. A soidade obxectiva é a causada pola ausencia de algo concreto: o amado ou amada, a terra onde un naceu, o desexo de perfección...etc. A saudade ontolóxica é a que non ten obxecto concreto e procede do sentimento da singularidade das persoas no mundo así como do sentimento da soidade ontolóxica.
5. A memoria non deixa en paz á poeta. Tense identificado a *negra sombra* con esta volta recorrente do pasado: as lembranzas, o que puido ser e non foi, os sentimentos de culpa...etc, sempre a volta do pasado, martiriza o espírito da poeta.
6. Olvido, nada, simeterio.
7. Personificación do pensamento como un enterrador que cava unha cova onde enterrar a memoria. Adxectivación simbólica: *negro olvido*. Anáfora pola repetición de *cava*. A metáfora *negra lousa* referida a esquecemento expresa o desexo de tapar por completo a *memoria*, metida dentro dunha cova situada, hiperbolicamente e fantásticamente, no *semiterio da nada*.
8. Todos, menos dous, son imperativos. A única forma que non é imperativo é un futuro de mandato: *por lousa daralle*.
9. Porque se consideraba trazo menos vulgar ca a gheada e buscaba darlle un certo ton popular á súa lingua, mesmo de verosimilitude.
10. *Vaguedás*, expresión da dor íntima; *Do íntimo*, a paisaxe desolada do exterior reflicte a angustia; *Varia*, sentimentos diversos que van desde a morriña á emoción ante a paisaxe ou a emigración; *Da terra*, temas similares aos de *Cantores Gallegos*, pero sempre cun fondo de dor; *As viúdas dos vivos e dos mortos*, a situación da muller na Galicia de Rosalía.
11. Rexurdimento é o nome co que se coñece o século XIX (ou a segunda metade do mesmo) na historia de Galicia e expresa unha traxectoria de recuperación non só literaria, senón tamén cultural, política e histórica.
12. Unha muller sufriu abusos de todo tipo por parte de xente poderosa e deixárona soa e sen nada o cal fixo que matase a aqueles que tiñan “fama de honrados na vila”. Denuncia que a xustiza sempre está do lado dos poderosos. A sociedade deulle as costas e non lle fixeron caso. Rosalía non estaba de acordo con estes tratos por iso os denuncia escribindo este poema. Podería incluírse no libro “Viúvas dos vivos e dos mortos” por tratar un tema de denuncia social onde a protagonista é unha muller.